

Veciñanza lamenta que o Goberno Municipal sexa incapaz de avanzar en expedientes atrasados

O Grupo de Goberno é incapaz de sacar adiante asuntos de importancia, como ordenanzas xa negociadas, a tramitación do PXOM, acordos plenarios ou o estudo para a peonalización do casco urbano que prometera xa o ano pasado.

Cuntis, 14 de febreiro de 2018. Nas últimas semanas asistimos a varios anuncios que por parte do Concello de Cuntis pregoaban intencións e proxectos financiados, na súa maior parte, pola Deputación Provincial de Pontevedra. En varias ocasións temos alertado de que a falta de ideas do Grupo de Goberno relega ao Concello de Cuntis a **unha mera xestoría totalmente dependente do ente provincial**. Son múltiples os temas pendentes que o Alcalde e o seu grupo de Goberno son incapaces de sacar do caixón, moitos deles de gran importancia para o desenvolvemento socioeconómico de Cuntis. Por poñer un exemplo, no último pleno o Alcalde declinou concretar que alternativas manexa ante a denegación por parte precisamente da Deputación de Pontevedra do financiamento para o impulso do Polígono da Ran.

Outros asuntos que se encontran en parálise absoluta son os seguintes:

- Non temos novidades a respecto da **tramitación do PXOM**, malia que o noso grupo vén interesándose reiteradamente por este asunto mediante sucesivas preguntas nos plenos.
- Tampouco se sabe nada do prometido estudo para a **peonalización do casco urbano**, que o Bipartito orzamentara xa nos presupostos de 2017 sen chegar activar nada ao respecto.
- O Goberno Municipal segue sen sacar adiante algunhas **ordenanzas** de gran importancia, como por exemplo a reclamada polo noso grupo para a regulación de terrazas e do espazo público. Esta ordenanza foi negociada hai varios meses co noso grupo e estaba disposta para ser levada ao pleno municipal, pero seguimos a agardar e non hai data para a súa aprobación.
- Tampouco se iniciou aínda o expediente para a **recuperación do Camiño Público da Louriña**, froito dun acordo plenario de xaneiro de 2017 impulsado polo noso grupo.

Estes e outros proxectos atópanse pausados e Veciñanza lamenta que o atraso de expedientes, ordenanzas e iniciativas necesarias para Cuntis se vexa relegado pola publicidade e a propaganda.

